



OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO CREADO AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023 EN ENTIDADES VECIÑAIS E/OU CULTURAIS (2ª CONVOCATORIA)

O Centro Sociocultural A. R. de Valladares ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir o seguinte posto de traballo temporal, entre o 1 de abril e o 31 de xullo do 2023.

1º.- Comunicador/a, durante 8 horas diarias.

Titulación requirida: Licenciatura ou Graduat@ en Ciencias da Comunicación (Publicidade e Relacións Públicas) ou equivalente.

Criterios de escolma para todos os postos, por orde de preferencia:

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos e un perfil acaído ao cometido a desenvolver).

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Si estes filtros non deixan un/ha únic@ candidat@ para o posto, a entidade podería optar pola entrevista persoal para decidir @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidatos non cumpran os requisitos, recorreríase a unha nova convocatoria pública, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubrila oferta

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2022, que non cumpra coa titulación requirida no posto, agás que ningún/ ha candidat@ dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase, a ser posible, en man nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia do DNI e da tarxeta de desemprego, cun volante de residencia ou empadronamento actualizado e un Curriculum Vitae. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houber. Tamén se admitirán no correo-cvallada@ctv.es ata as 23,59h.

Prazo de entrega da solicitude : do 23 ó 30 de marzo.

Data da escolma: 31 de marzo do 2023

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: www.valladares.tv, na web municipal “Asociacións en Rede”, ([http:// asociacions.vigo.org](http://asociacions.vigo.org)) ou nos taboeiros de anuncios do CVC Valadares e do Departamento de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

* So se avisará @ candidat@ escolmad@

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

CONCELLERÍA
DE
EMPREGO

CONCELLO
DE VIGO



ESTRADA DE VALADARES Nº 261-36315 - VIGO
TELF: +34 - (9)86 - 467053 FAX: +34 - (9)86 - 468679
Http:www.valladares.tv | E-mail: cvallada@ctv.es CIF:G-36617082

